



Yolanda Castaño

1



foto: Efe/Cabalar

Materia, memoria, vida

Por Ramón Nicolás (lavozdegalicia.es, 2023)

Galardoado co [Premio da Crítica 2022](#) na modalidade de Poesía e, mais recentemente, co [Premio Nacional de Poesía 2023](#) do Ministerio de Cultura e Deporte, *Materia* é un libro que, indubidablemente, xa merecía atención neste espazo hai tempo. Difícil é distinguir, na análise dalgúns dos valores que cruzan este libro, a admiración que un sente polo coherente e esforzado traballo que Yolanda Castaño desenvolve como xestora cultural mais tamén polo modélico labor creativo que representa: dilatado no tempo, constante e senlleiro, marcado por un alto nivel de esixencia que procura, sempre, novas fórmulas expresivas para encarar novos asuntos, para ensanchar os límites dunha estética en continuo proceso de exploración. O seu camiño foi sempre o de contaxiar o entusiasmo pola poesía, promocionala e acariñala; entendela como unha necesidade para compartir, reflexionar e desacougar: un exercicio abeirado, creo que conscientemente, ao cuestionarse o porqué das cousas.

Por iso, e outras razóns, é relevante achegarse a *Materia*. Non se procuren pautas xa ensaiadas. Antes ben, Castaño segue o ronsel dos diversos sentidos que adoitan adscribirse á etimoloxía do título que orienta a lectura: velaquí a ecuación que se formula entre materia e palabra para construír un edificio con vontade de permanencia; palabra como humus, factor xerminal e causa de todas as cousas nos tres estados operativos para estruturar o libro, ao tempo que cada un abraza unha dimensión temporal diferente. Palabra como recurso vital, corporal (mesmo nos seus desdobramentos) e anímico que afonda na memoria, persoal e colectiva. En efecto, hai poemas e discursos conmovedores que se abisman e recrean feitos singulares na liñaxe familiar; repara en todo aquilo que se herda e no que non pois o libro góbrenase por unha perspectiva distinta que aborda o feito da maternidade, e da súa renuncia, desde outro prisma. Olla outros horizontes como son a propia liberdade persoal e colectiva, os procesos —por veces sutís— de asoballamento, a amizade e as escollas persoais e circunstanciais. Unha autora instalada por fortuna nunha visión irónica,



Tertulias Literarias

extremadamente sensorial e suxestiva, que vai alén do convencional. Sen límites nin teitos: que así sexa por moito tempo.



foto: Víctor Echave

A palabra ingrávida

Por Rafael Lema (adiantegalicia.es, 2022)

Yolanda Castaño é unha das voces máis coñecidas e recoñecidas da poesía galega do noso tempo, un nome que pasea polo mundo a creación galega e que agora publica un novo poemario, *Materia* (Xerais, 2022). Esta picholeira de nacemento e veciña herculina é unha activa xestora cultural, ademáis de renovadora da lírica deste século, achegándoa a novos rexistros da imaxe e os medios audiovisuais.

Na presentación do seu último libro aclara como un dos eixos deste traballo a decisión de pechar o ciclo da maternidade, encarando a madurez vital e creativa cunha reconciliación persoal e coa memoria dos seus, ingrávida araña colgada polo fío, emancipada no certo engado da encrucillada, da que é libre para non acudir a cita.

A nai, o pai mariño, o avó canteiro, a avoa modista, o irmán, as tribulacións dunha poeta urbana que non sente a raíz da terra e o casal patricio como un vencillo telúrico nin o trauma do desprendemento das cousas materiais, unha poeta coma un corpo aberto. «A unidade familiar comeza co ruído dun corpo». «Que farías ti sen min, corpo?». Un escudo de carne contra o mundo, verso a verso poñe en orde «as súas cousas», o seu xeito de vivir, de estar no agora, as súas querencias.

«Legados, relacións e ata proxeccións familiares: velaí a materia da que estamos feitas» aclara na cartela. Unha viaxe de xinete demediado, de baronesa rampante, en liñas de diacronía e sincronía, unha rede de voltas cara atrás á memoria que nos contan os da casa, as vivencias nosas, «na que cada estado da materia se expresa nun propio ton».

Coñecín a Yolanda nunha entrega dos premios Francisco Aguiar de Betanzos, creo que no 1994. Alí recollía un galardón poético meu irmán Xosé Manuel. Eran bachareles malferidos polo vento salpreso dos bardos. Ela tiña estreliñas de cores estampadas na fronte e uns ollos inquedaos que apañaban curiosos todo o espazo. Nunca perdeu esa ollada desprendida e argalleira, esa ansia da ilusión permanente, de non ter parada. Vina en actos, recitais.



Tertulias Literarias

Unha vez en Rianxo faloume da AELG da que era secretaria, e mandoume un email para facerme socio. Compartimos poemarios na colección Espiral Maior e algún traballo colectivo. É unha desas mulleres poetas que marcaron cambios de ciclo, e animaron a moitas outras a crear, enredar cos versos, incorporar novos vocabularios e temáticas.



Imaxe promocional do poemario 'Materia' de Yolanda Castaño (elcorreogallego.es)

Agora temos un feixe de versos con pegada a terra conquistada, memoria apañada e estragada polo piso, no somier.

Mentres as contras ocultan as luces da cidade, os coches. Fun lendo ata chegar ó resón dun dos poemas que máis me marcarón cando era bacharel, algo que me causou un arrepío, un ledor suor, e tiveron que parar a tomar resollo na miña terraza, na víspera da festa patronal.

Na páxina 36, «*A casa dos meus pais*» é unha revisión dun poema de **Gabriel Aresti** que eu de mozo aprendín en vasco e que sempre escribo nesa lingua na tapa das libretas que me serven para tomar notas. *Nire aitaren etxea defendituko dut*. Yolanda Castaño dí que non lle importa perder a casa onde naceu, quere desprender a relación útero-familia; ela é filla do ensanche urbano, de xuros e alugueiros; da vida *on the road*, na escapada, no vértigo, na ida e vida, o romántico desapego da aventura vital, sempre a viaxe que nos leva a partida. «*Medrar foi ir por ti*».

Aresti tampouco falaba dun caserío e das terras vinculeiras senón da mesma lingua vasca que él axudou máis ca ninguén a resucitar. Contra os lobos, a seca, a xustiza (inxusta para os de abaixo).

Para os demandantes de memorias fatigadas dos tempos escuros, ven axeitado o poema que lle adica ao traballo da súa avoa por librar da morte ó seu home canteiro e republicano, sacado do «paseo» polo arcebispo Quiroga (a quen lle mataron dous sobriños). Pero faino coa verdade das historias certas do pobo traballador e sufrido, non coas inventadas memorias de políticos ruíns, e sobre todo co alento poético que debe empañar todo cartafol lírico, non con panfletos infumables e ripiosos.

É unha boa escola a lectura de «*Algunha estrelas non caen do ceo*» en descrédito de certa poesía social e «paniaguada». O que queira contar que escriba un conto, unha crónica; a poesía e outra cousa, como dicía **Ezra Pound**. Materia é poesía.

Neste libro estala a palabra, o verso liberador, sangue das veas, feita de fíos arrincados das arañeiras da casa, «*xuntos nesta gramática como está abril esta tarde*». A palabra salvadora, redentora, empurrando, asaltando polas costas, adiantando pola esquerda, abrindo gabias. «*Nós precipitándonos pouco a pouco en cada frase*».



Tertulias Literarias



foto: www.quepasanacosta.gal

Yolanda Castaño: "En 'Materia' cuestiono e deconstrúo o meu propio concepto de maternidade" Entrevista por Mario Regueira (nosdiario.gal, 2022)

Yolanda Castaño (Compostela, 1977), unha das voces máis determinantes da poesía galega de entreséculos, retoma a liña principal da súa obra con *Materia*, un novo libro que irrompe nun momento vital de actividade intensa en proxectos paralelos que recuperar dos tempos incertos da pandemia: como a continuación do ciclo [Poetas Di\(n\)versos](#) e a posta en andamento da [Residencia 1863](#), unha das apostas culturais máis interesantes dos últimos anos.

Pasaron oito anos desde [A segunda lingua](#). Neste tempo apareceron antoloxías, libros para crianzas, proxectos literarios... Podemos falar dun silencio?

Para min o traballo creativo é sempre moi demorado, concédolle moito tempo e tamén concibo os momentos creativos en ciclos. Ás veces, o que define o libro é que se escribe no mesmo ciclo de creación e entre eles hai espazos de silencio, aínda que sexa un silencio alerta, que mantén a escoita e a mirada.

Tamén é certo que nestes anos estiven centrada noutro tipo de cousas como proxectos de futuro, como a Residencia 1863, sacada adiante sen axudas públicas nin privadas. Así que este libro tamén se relaciona moito coa pandemia, pois foi unha época que paralizou eses traballos e que aproveitei para organizar textos e escribir poemas novos.

***Materia* fai un xogo coa palabra 'Matria' e ten tamén unha reflexión sobre a maternidade.**

A asociación de conceptos como nación, muller, terra e maternidade sempre me pareceu sospeitosa e case nociva. Optei por introducirle un e a 'Matria' e quedar co matérico, que é algo no que creo bastante máis. Tamén me serviu para deconstruír o meu propio concepto de maternidade, poñela en cuestión e fechar un pouco esta páxina na miña historia persoal. **É un libro sobre a familia, tanto a pasada como a proxectada, e nese sentido fala da miña renuncia á maternidade.** Alíñome nas loitas das nais e



Tertulias Literarias

subscribo moitas das lecturas combativas sobre o tema, pero tamén creo que somos máis libres cantas máis opcións haxa, e quería achegar o meu gran de area visibilizando que hai máis modelos e que as mulleres que decidimos non reproducirnos somos tamén un deles.

Que lectura fai de si mesma como creadora? Sería capaz de encaixar a súa propia obra dentro dalgunha liña ou corrente?

Creo que isto é un tópico, pero cústame botar a ollada neses parámetros sobre o meu propio traballo. Claro que teño unha visión moi particular do que fago e da miña propia obra, pero penso que non me corresponde a min facer esa lectura crítica e cústame moito dissociarme para abordala.

Traballo con honestidade, e busco sempre aínda que atope, que é algo que digo moito. Manteño a actitude de pescuda, sempre penso que temos que buscar cousas novas, como neste libro, no que tratei de abordar temas diferentes. A morte da creación é sentar sobre a propia poética, apousentarse nunha soa fórmula. É como un xogo que consiste en atopar a propia voz pero tamén tratar de esquecerla por momentos.

1863
residencia literaria



Instalacións da **Residencia Literaria 1863**,
na Rúa Rego de Auga 46 (A Coruña)

Un dos textos de *Materia* caeu nas oposicións deste ano. Como se vive algo así?

Hai que aceptar que os textos pasan ao público e, en certo sentido, deixan de ser nosos. Caer nun exame tamén é expoñerse a distintas formas de interpretación. A min enfrontoume á cuestión da representatividade que falabamos: houbo persoas que se queixaron de que non era un poema representativo meu. Pero que é o representativo meu? Se eu entendo a creación como unha exploración constante, non con facer sempre o mesmo. Aínda que entendo que isto é algo que é fácil dicir como creadora e moi difícil pensalo nun exame.

Pódese vivir do traballo literario neste país?

É viábel vivir do traballo literario, mesmo nunha lingua minorizada e un contexto tan pouco normalizado coma este. O contrario é un discurso disuasorio que procura que nos auto-limitemos. Eu creo que o veño demostrando e quero pensar que facilito o tamén o camiño de quen vaian vir detrás, sen perder de vista a dimensión colectiva das coetáneas.

Claro que é unha aposta e implica renuncias, pero sempre é mellor loitar que darse por vencida.



foto: Ángel Manso (La Voz de Galicia)

Yolanda Castaño: “En épocas pasadas o meu traballo foi cuestionado”

Por Andrea G. Otero (laregion.es, 2023)

As letras galegas están de sorte este ano 2023: a poeta Yolanda Castaño foi galardoada co Premio Nacional de Poesía que outorga anualmente o Ministerio de Cultura e Deporte. O poemario *Materia* foi o motivo polo cal lle foi concedido este premio, que é o máximo recoñecemento nacional no eido da poesía.

Na súa etapa moderna, o Nacional de Poesía foi gañado por cinco galegos: o ourensán **José Ángel Valente** (1993 e 2001), **Manuel Álvarez Torneiro** (2013), **Pilar Pallarés** (2019), **Olga Novo** (2020) e **Yolanda Castaño** (2023). A Valente premiáronselle senllas obras en castelán; nos outros casos premiáronse obras publicadas en galego.

Como é vivir da poesía?

Para comezar diría que é extremadamente difícil, requírense moitos anos de investimento previo. Eu tiven a sorte de comezar moi cedo, porque cando empezas no oficio con 17 anos pódeste permitir o luxo de intentalo nos dez primeiros e se non funciona cambiar de opción. Os pasos son moi demorados. Ao principio ata tes que poñer cartos do teu peto. Eu estiven anos autofinanciándome os meus recitais, ata que pasaron os anos e xa comezaron a compensarme os gastos ata chegar a que remuneraran o meu traballo.

Cal diría que é a clave?

Trátase de facer un traballo moi delongado e entregado, de poñer a poesía no lugar central do teu tempo e do teu esforzo, pero tamén de multiplicar as saídas e as fontes do oficio. Non só hai que escribir poesía e vivir diso, xa que tamén é materialmente imposible.

Que maneiras recomenda?



Tertulias Literarias


Podes traducir poesía, producir videopoesía, facer contidos para nenos e nenas, estar de xurado en certames, replicar poemas, xuntar a poesía a outras linguaxes creativas, falar e reflexionar en mesas redondas, acudir a encontros no estranxeiro, introducir a música na poesía. En definitiva, desenvolver proxectos de todo tipo que teñan vinculación coa poesía ou con poetas.

Cre que axuda a dignificar a profesión?

O contexto segue sen ser todo o proclive para que se recoñeza a poesía coma un oficio. Aínda así, cómpre investir moito tempo e concienciar as institucións, as asociacións e as entidades de que o traballo cultural tamén é un traballo.

7

Gañadoras e gañadores galegos do Premio Nacional de Poesía



José Ángel Valente – Manuel Álvarez Torneiro – Pilar Pallarés
Olga Novo – Yolanda Castaño

Como soubo que tiña que dedicarse a poesía?

Non o souben. Alguén dixo que a vida é aquilo que vai acontecendo mentres ti fas outros plans e no meu caso tiña razón. Para min non foi unha cuestión de saber, senón de sentir, e eu sentía que tiña que intentalo e depositar toda a paixón no que máis amaba, todo a marxe dos beneficios que me puidese traer. **Emprender este camiño, o da poesía, comprende moitas renuncias e implica renunciar ao paquete completo de ideal capitalista que promove o sistema.** Esquécete de ter unha segunda residencia na praia, dous fillos, un can e vacacións na outra punta do mundo. Talvez hai que renunciar a un sistema de vida máis tradicional e procurar unha felicidade máis alternativa.

Séntese máis vixiada polo feito de ser muller?

A nós sempre se nos cuestionou máis e dende máis puntos de vista, o fallo permítese aínda menos e o descoido págase máis caro. **Parece que hai que duplicar os esforzos para demostrar a nosa valía dende todos os puntos de vista.** En épocas pasadas cuestionouse moito o meu traballo, desacreditouse ou



Tertulias Literarias

frivolizouse, en ocasións por cuestións tan pouco relacionadas co meu traballo como o aspecto que tiña. Contra isto, a única resposta que tiñamos na nosa man era o noso propio traballo.

Que fai cando non hai inspiración?

Levántome da mesa e marchó. No caso da poesía, cando non existe inspiración, inclinación, disposición ou vontade paréceme absurdo esforzarse en chamar polas musas. Esa inspiración atrápanos moi de cando en vez e o resto do tempo esperamos por ela coma canciños, pero sempre é mellor non forzar as cousas. É mellor saír ao mundo e a vida e enchouparse daquilo que acontece para que días, semanas ou meses máis tarde florezca unha idea. Cando chega esa inspiración si que hai que sentarse ou deter o coche nunha cuneta.

En “Materia” cuestiona a familia tradicional. Vostede rexeitouna?

Eu escollín unha vida alternativa porque así o sentín. Escollín viaxar polo mundo e dedicar a miña vida a facer arte e poesía.

Hai quen aínda pensa que a muller debe ser nai.

A nós sempre se nos sinala como nais vocacionais. Cando unha muller é maior e non ten fillos, dáse por feito que non puido telos. Pero **a opción de non querer tamén está aí**, e moitas mulleres escollen ese camiño. Iso era o que quería visibilizar en *Materia*.

Un autor ou autora?


Agora mesmo diría a [María Ángeles Pérez López](#) e a [Jesús Castro Yáñez](#).

Unha artista?

Son moi devota de [Björk](#).

Un filme?

“[O corno](#)”, de [Jaione Camborda](#).



Para saber máis:

[Verso a verso de “Materia” con Yolanda Castaño](#) (La Voz de Galicia, 2023)

[Entrevista en RTVE para o programa "Un país para leerlo"](#)

[Entrevista en RNE para o programa "La estación azul"](#)

*O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as

